16 A FRAGMENTACIÓN DO MUNDO ANTIGO



Santa Sofía (Istambul)

Actividades autocorrectivas en www.vicensvivesdigital.com/actividadesweb



Co afundimento do Imperio romano de Occidente no século V, fragmentouse a **unidade cultural** do Mediterráneo.

Na zona occidental xurdiron numerosos **reinos xermánicos**. Na oriental, o Imperio, coñecido como **Bizantino**, sobreviviu case mil anos máis.

1 Explica o que aconteceu nas zonas occidental e oriental do Imperio romano despois da súa fragmentación:

Zona occidental: .....

.....

Zona oriental: .....

.....

2 Observa o eixe cronolóxico e elabora un semellante:

- Sitúa na parte inferior as diferentes etapas da zona occidental do Imperio romano. Pinta cada unha cunha cor diferente.
- Agora fai o mesmo coa parte oriental do Imperio.
- Sitúa os principais acontecementos nos recadros xunto ás súas datas.



1 Os reinos xermánicos. A Hispania visigoda

- Despois da caída do Imperio romano, os **pobos xermánicos** que invadiran a zona occidental foron formando diferentes reinos independentes.
- Estes reinos xermánicos rexíanse polas súas antigas leis e costumes, pero incorporaron elementos romanos como o latín, o cristianismo e a moeda.
- Impúxose un período de inseguridade e Europa **ruralizouse**: o comercio diminuíu, as cidades despoboáronse e a agricultura converteuse na actividade dominante.
- No ano 409, uns pobos bárbaros (vándalos, suevos e alanos) penetraron en Hispania, pero foron expulsados polos **visigodos** a comezos do século VI.
- Os visigodos crearon na Península un reino con capital en **Toledo**, que se mantivo durante máis de douscentos anos.
- O dominio visigodo non supuxo unha gran ruptura. Desenvolveron unha cultura e unha arte con grande **influencia romana** e **cristiá**.
- En arquitectura, salientan as pequenas igrexas, que incorporan o **arco de ferradura**.

1 Observa o mapa e realiza estas actividades:

- Pinta cunha cor diferente cada un dos reinos xermánicos que se crearon no territorio occidental do Imperio romano.
- Pinta con outra cor distinta a zona correspondente ao Imperio romano de Oriente.
- Escribe no recadro do mapa o nome da cidade de *Toledo, capital da Hispania visigoda*.
- Di que pobos xermánicos ocupaban estes países europeos:

OS REINOS XERMÁNICOS

Francia: .....

Inglaterra: .....

Alemaña: .....

Italia: .....

2 Observa esta aldea e explica as actividades que realizaban na súa vida cotiá os seus habitantes:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

UNHA ALDEA XERMÁNICA



3 Escribe no lugar correspondente as seguintes partes da igrexa visigoda:

- campanario
- nave principal
- nave lateral
- grosos muros

- Debuxa un arco de ferradura.



Zon@web Para saber mais sobre os pobos xermánicos. 16a

2 O Imperio bizantino (476-1453)

- O Imperio romano de Oriente logrou rexeitar as invasións dos pobos bárbaros e sobreviviu co nome de **Imperio bizantino**.
- No século VI, o emperador **Xustiniano** propúxose restaurar o antigo Imperio romano e iniciou unha expansión territorial polo Mediterráneo occidental.
- A época de Xustiniano foi moi próspera: redactouse o **Código de Xustiniano**, unha recompilación das leis romanas, e **Constantinopla** converteuse nunha cidade moi importante; alí construíuse a basílica de Santa Sofía.
- A partir do século XI, Bizancio coñeceu unha segunda idade de ouro. Os emperadores (*basileus*) gobernaron cun poder absoluto.
- O papa de Roma non aceptaba a autoridade de emperador e produciuse o **Cisma de Oriente** (1504). A igrexa bizantina separouse da romana, dando orixe á **igrexa ortodoxa**.

1 Observa o mapa e realiza as actividades:

O IMPERIO BIZANTINO NA ÉPOCA DE XUSTINIANO

– Repasa as fronteiras do Imperio de Xustiniano coa cor vermella que indica a lenda.

– Que territorios ocupaba o Imperio bizantino antes de Xustiniano? .....

.....

– Que territorios conquistou? .....

– Que pretendía co seu proxecto? .....

2 Fíxate no debuxo e indaga que función tiñan estes edificios:

Senado: .....

Foro: .....

Tribunal de xustiza: .....

Palacio imperial: .....

Hipódromo: .....

3 Fíxate no mosaico e responde:

– Quen se sitúa no centro? .....

.....

– Por quen está acompañado o emperador?

.....

.....

– Que técnica artística se utilizou? Que outros pobos a empregaron? .....

.....

Mosaico que representa o emperador Xustiniano e a súa corte (século VI).

3 O Imperio carolinxio

- Os **francos** eran un pobo de orixe xermánica que se instalou no territorio actual de Francia.
- A comezos do século VIII, o reino dos francos estaba ameazado polos musulmáns, que invadiron o reino visigodo de Toledo e avanzaban cara ao Norte.
- Os francos derrotaron os musulmáns en Poitiers (732). Pipino o Breve converteuse en rei dos francos e fundou unha nova dinastía, a **carolinxia**.
- **Carlomagno** (Carlos o Grande) conquistou gran parte das terras da Europa occidental e freou o avance do islam.
- Tamén converteu ao cristianismo a todos os pobos baixo o seu dominio.
- No ano 800, Carlomagno foi coroado **emperador** dos romanos polo Papa. O seu Imperio coñeceu un gran renacemento cultural: creáronse escolas, volveuse ensinar o latín, recuperáronse os textos clásicos, etc.
- O Imperio de Carlomagno foi o derradeiro intento de reconstruír a unidade do Imperio romano de Occidente.
- Á morte do emperador, a coroa pasou ao seu fillo, que máis tarde **dividiu** as terras do Imperio entre os seus tres fillos.

1 Quen eran os francos?

.....

2 Observa o mapa e fai as actividades:

– Pinta o mapa tendo en conta que cada número corresponde a unha cor.

– Que territorio ocupaba o reino de Pipino o Breve? .....

.....

– Que zonas conquistou Carlomagno?

.....

.....

O IMPERIO DE CARLOMAGNO

3 Explica por que dicimos que Carlomagno reconstruíu o Imperio romano de Occidente: .....

.....

O PALACIO DE AQUISGRÁN



- Carlomagno viaxaba continuamente, pero residía con frecuencia nunha poboación situada ao Nordés dos seus territorios, no val do Rin, coñecida co nome de **Aquisgrán**.
- Alí fixo construír un palacio cunha capela anexa, onde foi enterrado.

4 Observa o palacio de Carlomagno en Aquisgrán e escribe nas cartelas as estancias e os elementos correspondentes:

- sala do tesouro
- aloxamento do emperador e da súa familia
- fontes de auga quente
- termas
- capela palatina
- porta monumental

– Busca nun atlas a situación de Aquisgrán. Que nome ten na actualidade esta cidade e a que país pertence? .....

.....

– Onde está enterrado Carlomagno? .....

.....